

# BANDO

**DON JOSÉ CELA CAMIÑO, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.**

**FAI SABER:**

Que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ten aberto o prazo de inscrición para participar nos **CAMPAMENTOS DA CAMPAÑA DE VERÁN 2022, “ O VERÁN QUE QUERES CONTAR”**, que se desenvolverán tanto en Galicia como noutras comunidades autónomas, en diferentes quendas durante os meses de xullo, agosto e setembro. (DOGA nº 94 do 16/05/2022).

En canto á **idade mínima e máxima para participar** deberase ter en conta o seguinte:

- Os/as nados/as no ano 2013, deberán ter feitos os 9 anos no momento do inicio do campamento.
- Os/as nados/as no ano 2004, non poderán facer os 18 anos antes da finalización do campamento.

**As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán participar nesta convocatoria sempre que:**

- Non precisen de terceira persoa.
- As súas limitacións e/ou necesidades lles permitan participar das actividades que nel se van desenvolver.

Terán **descontos:**

- Os membros de familia numerosa e monoparentais, que percibirán un 50% sobre os prezos.
- Os usuarios/as do Carné Xove, que poderán gozar dun 25% sobre os prezos.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

**O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES** estará aberto **do 18 ata o 26 de maio de 2022.**

Para máis información <http://xuventude.xunta.es/>

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Moraña**

